

# Máis coordinación

Melloramos a comunicación e coordinación entre a Atención Primaria e os servizos hospitalarios.



Será posible a solicitude directa de probas diagnósticas dende a Atención Primaria.

Implantamos o sistema **TELEA** de teleasistencia domiciliaria en todos os centros de saúde.

Habilitamos a prescrición electrónica aos facultativos médicos do **061** para a atención telefónica, segundo as directrices do Servizo Galego de Saúde.



# Máis orzamento

Investimos **1.295 Millóns de euros na Atención Primaria, 46 máis que no ano anterior.**

Un esforzo que supón o 32% do orzamento total do SERGAS. Unha aposta decidida en favor da Atención Primaria na nosa sanidade.



# Máis equipamento

Renovamos sistemas de información, equipamento sanitario e mobiliario por **11,2 Millóns de euros.**



Electrocardiógrafos, Espirómetros, Desfibriladores, Ecógrafos, Holter de presión arterial, Retinógrafos, Dopplers, Autoclaves, Pulsioxímetros, Esfigmomanómetros, Mobiliario xeral e clínico.







# Máis profesionais

Incrementamos **147** prazas de profesionais na **Asistencia Primaria**.

**45 no 2019** (12 médicos, 25 enfermeiros e 8 fisioterapeutas).

**102 no 2020** (29 médicos, 10 pediatras, 2 farmacéuticos, 38 enfermeiros, 7 matronas, 11 fisioterapeutas e 5 traballadores sociais).



# Máis formación

Incrementamos **50** prazas máis para a formación de especialistas en **Atención Primaria**.




Formamos **205** profesionais especialistas na Atención Primaria (medicina familiar e comunitaria, pediatría e enfermería especializada). Realizamos este ano a maior oferta da historia de prazas para a formación de profesionais de Atención Primaria.




# Máis estabilidade

Convocamos no 2019, **537** prazas (medicina, pediatría e enfermería) nas oposicións no ámbito da **Atención Primaria**.

Incorporamos o nomeamento eventual de continuidade que garante un mínimo dun ano de vinculación estable para os profesionais substitutos. Prorrogable ata 3 anos e cos mesmos dereitos que o persoal propietario da praza.







En Galicia existen  
**14 hospitais** públicos,  
**465 centros** de  
saúde e **90** puntos de  
atención continuada  
(**PAC**) ao teu dispor.

+ profesionais + formación + estabilidade + orzamento + equipamento + coordinación

O Servizo Galego de Saúde dálle un novo  
pulo á Atención Primaria en **2020**

galicia

SERVIZO  
GALEGO  
de SAÚDE



XUNTA  
DE GALICIA





# EN MARCHA

## Plan Galego de Atención Primaria

Grazas ao esforzo dos profesionais e á coordinación entre eles, as institucións e á cidadanía, estamos a construír a **Atención Primaria do futuro** da nosa Sanidade Pública.

XUNTA DE GALICIA